

# FOLLATOS

*Boletín Informativo da Biblioteca do CEIP Filomena Dato  
A Valenzá. OUTONO. 2010. Nº 7. Colaboración dos equipos de Tics e  
Actividades Extraescolares*

[www.blogoteca.com/filomenadato](http://www.blogoteca.com/filomenadato)

[www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

## SAMAÍN



## HALLOWEEN



Chega o día de Defuntos. En todas as partes comezamos a ver cabazas que representan caras aterradoras que nos invitan a celebrar o Halloween. Pero, ¡atención!, non é americano todo o que o parece. Ata hai trinta anos por moitas aldeas de Galicia tallábanse cabazas por estas datas, e a día de hoxe cada vez hai mais lugares nos que se está a recuperar esta tradición na forma da festa do Samaín.

Se se busca en libros de etnoloxía polas celebracións que se fan no noso país con ocasión do día de Defuntos, atoparemos unha serie de costumes ancestrais propias do país. Desde o deixar un oco na mesa ou racións de comida para os defuntos ata facer colares coas castañas novas. A pouco que se pregunte a persoas de máis de corenta anos de diferentes puntos da nosa xeografía (Noia, Catoira, Cedeira, Muxía, Sanxenxo, Quiroga...) lembran que tamén era habitual por Defuntos coller cabazas, tallarlles unhas caras feroces, poñerlles un pauciños coma dentes e deixalas nos camiños para asustar ós viandantes. Todo isto con ocasión da festividade dos Defuntos, o dous de novembro. Este costume coincide co americano de Halloween e aínda co máis antigo celta do Samaín, no que eran os cranios dos inimigos os que brillaban na escuridade con candeas no seu interior.







## TRADICIÓN DO DÍA DE TODOS OS SANTOS -1 DE NOVEMBRO-

A tradición de asistir ao cemiterio para rezar polas almas dos que xa abandonaron este mundo, está acompañada dun profundo sentimento de devoción, onde se ten a convicción de que o ser querido que marchou e pasará a unha mellor vida, sen ningún tipo de doenza, como sucede cos seres terreaís. En Francia, a xente de todos os rangos e credos decora os sepulcros dos seus mortos no Jour des morts. En México e en América Latina esta celebración combinouse con elementos indíxenas e do sincretismo resultou unha orixinal celebración no Día de Mortos, distinta das outras nacións católicas. Esta festa inclúe por tradición un Altar de mortos que consiste nunha serie de adornos florais acompañados da comida favorita do defunto; ademais de fotografías e outros detalles. Nas zonas andinas de sudamérica, especialmente en Ecuador, Perú e Bolivia, o costume é preparar e intercambiar entre familiares e amigos as guaguas de pan para consumir coa chicha morada que nalgúns áreas rurais son tamén ofrendas principais nos cemiterios.

¿QUERES SABER COMO SE CELEBRA NOUTROS PAÍSES? É moi curioso:

<http://es.wikipedia.org/wiki/D%C3%ADadeMuertos>



### PARA LER, ESCOITAR E VER



"Non vin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre corre, cabaciña. Corre corre, cabazón!", respondía á cabaza que ía rodando polo camiño, ante a mirada estupefacta do lobo, do oso e do león. Quen estará dentro dela, facendo burla das tres feras?"



Fermín, o monstro das castañas, que comía de dous en dous, preparouse para o concurso de sustos desa noite. Quería ser o gañador. Peiteando a súa longa melena vermella descubriu no espello, alarmado, que o seu pelo era agora verde. Así non podería asustar aos nenos...



“Os Bolechas e a noite dos calacús”


Segundo os vellos costumes celtas e seguramente tamén os castrexos, o ano pártese en dúas estacións: verán e inverno. Non reparan e máis matices. E o paso dunha estación a outra exactamente na noite que vai do último día de Outono ao primeiro día de Santos. A noite de Samaín. Claro que, se fose só isto o que os costumes celtas ou castrexos ordenasen facer, a cousa non pasaría dun cambio de aires. Non, a noite de Samaín, ademais de separar o ano, confunde o mundo do máis alá co noso munto terreal. E iso si xa é outra historia. Precisamente a historia que viven neste novo libro os coñecidos habitantes do castro de Baroña: **Os Barbanzóns.**



# UNHA SEMANA DE MEDO




**DO 2 ATA 05 DE NOVIEMBRE**  
**NOS RECREOS**  
**NO SALÓN DE ACTOS**




## MARTES 2:

- "A casa encantada"
- "O baile dos esqueletos"
- "A canción dos esqueletos"




## MÉRCOLES 3:

- "La dama y la muerte", corto español nominado aos Oscar no 2009
- "Halloween"
- "El día del juicio final de Pluto"



## XOVES 4:

- "frankenweenie", de Tim Burton



## VENRES 5:

- "La leyenda del espantapájaros"
- "Granny o´ grimm´s sleeping"

- " A Caillou le encanta

Halloween"






# RECURSOS DIXITAIS:

Para facer xogos, tarefas, cantar,...

[www.Web de Norberto](http://www.Web de Norberto)



[www.culturagalega.org/especiais/defuntos/texto.htm](http://www.culturagalega.org/especiais/defuntos/texto.htm)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipnosasenhoadexuencos/moodle/file.php/14/samain/index.html>

<http://bemilladoiro.blogspot.com> (puzzle, actividades en inglés...)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepazos/Ana/LIM/SAMAIN/samain.html>

<https://sites.google.com/site/recursosparaosamain/>



# MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A CULTURA GALEGA